



DEPORT/2019/12

Dña. Adela Miguéns Muñiz, secretaria/delegada da Fundación Pública de Servizos Deportivos Municipais do Excmo. Concello de Vilagarcía de Arousa.

CERTIFICO: Que polo Consello Reitor, en sesión celebrada o día **9 DE OUTUBRO DE 2019**, adoptouse, entre outros, o seguinte acordo:

**8.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DAS CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN CONFORME AS BASES DA CONVOCATORIA DE SUBVENCIÓN DESTINADAS AO FOMENTO DO DEPORTE FEDERADO, EXERCICIO 2019, CORRESPONDENTE Á TEMPADA 2017/18 OU, ANO 2018.**

Dáse conta das solicitudes de subvención presentadas, polos Clubes/Entidades Deportivas, conforme ás bases da convocatoria de Subvencións destinadas ao Fomento do Deporte Federado, exercicio 2019, correspondente á Tempada 2017/18 ou, ano 2018, aprobadas polo Consello Reitor en sesión con data 17/01/2019 e publicadas no B.O.P. o día 28/02/2019. Asemade dáse conta do informe da Sra. secretaria/delegada e Sra. interventora/delegada en relación ao asunto, no que figura a puntuación correspondente, resultante da documentación aportada e da aplicación das devanditas bases.

Intervén o Sr. presidente que manifesta que conforme ao informe técnico, a documentación que lle falta ao Club Deportivo Bamio non é imputable ao citado club, polo que considera se debe aprobar a súa solicitude de concesión.

O Sr. Vilas intervén para sinalar que se deben cumprir as bases, polo que está de acordó co Sr. presidente que se debe aprobar a concesión do devandito club ao non ser imputable a el a documentación que lle falta. Así como indica que o apartado das Escolas Deportivas Municipais, se debe revisar para o exercicio seguinte, dado que se debe ter en conta que os Clubes/Entidades Deportivas que organizan as Escolas, ao ter estas unha duración de 8 meses ou 2 meses as Náuticas, federan aos nenos/as para súa promoción e así poídan continuar coa actividade, se así o desean.

O Sr. Casanova manifesta que non tivo tempo para poder analizar con profundidade todos os problemas que tiveron os Clubes/Entidades Deportivas para non presentar



correctamente a súa documentación, considerando que se debe aprobar conforme ao informe técnico.

Interven o Sr. Fernández Simón que manifesta que un Club/Entidade Deportiva non se debe quedar sen unha subvención, por motivos económicos, toda vez que é de dominio público o proceso xudicial ao cal está o Club inmerso. Que se debería ser máis flexible ante esta situación.

Por unanimidade todos os membros consideran que non é imputable ao Club Deportivo Bamio a documentación que lle falta, polo que se lle debe aprobar a súa concesión de subvención.

Continua o Sr. presidente indicando que de acordo ás devanditas bases se debe aprobar a puntuación a conceder no apartado Outros, propoñendo se otorgue unha puntuación polos méritos dun dos seus deportistas no Campionato do Mundo pertencente ao Club/Entidade Deportiva: MOTOCLUB VFM.

O Sr. Vilas propón que se lle conceda unha puntuación de 7 puntos ao tratarse dun Campionato superior ao Campionato de España, que se valora en 6 puntos.

Por unanimidade están todos os membros conformes á proposta do Sr. presidente, concedendo 7 puntos máis ao Club/Entidade Deportiva: MOTOCLUB VFM, pola participación dun dos seus deportistas no Campionato do Mundo..

Despois dun amplo debate e unha vez finalizadas todas as intervencións, o Consello Reitor por unanimidade acorda:

1.- Outorgar a seguinte puntuación, no apartado “outros” das bases ou criterios, en función dos aspectos contemplados en dito apartado aos seguintes Clubes/Entidades Deportivas:

<b><u>CLUB/ENTIDADE DEPORTIVA</u></b>	<b><u>PUNTOS</u></b>
MOTOCLUB VFM	7

2.- Aprobar as solicitudes de subvencións que a continuación se indican, calculado o valor do punto, resulta a cantidade de 34,77 €/punto, que multiplicada polos puntos outorgados a cada unha das solicitudes, conforme á baremación feita pola administrativa/xestora e o acordado polo Consello Reitor, as subvencións outorgadas a cada unha das solicitudes é a seguinte, con cargo á partida 341-483,00:

<b><u>CLUB/ENTIDADE DEPORTIVA</u></b>	<b><u>PUNTOS</u></b>	<b><u>IMPORTE</u></b>
CLUB VILAGARCÍA, S.D.	156	5.424,12 .-



BASKET BASE CLUB	202	7.023,54 .-
CLUB DEPORTIVO BAMIO	50	1.738,50 .-
ASOCIACIÓN DEPORTIVA-CULT VILAGARCÍA ESGRIMA	20	695,40 .-
CLUB POLIDEPORTIVO C.P.C. EDUCACIÓN ESPECIAL	61	2.120,97 .-
ATLÉTICO FAXILDE C.F.	14	486,78 .-
AGRUPACIÓN DEPORTIVA CORTEGADA	242	8.414,34 .-
MOTOCLUB VFM	30	1.043,10 .-
ASOCIACIÓN DEPORTIVA AROUSA FÚTBOL-7	113	3.929,01 .-
CLUB NATACIÓN VILAGARCÍA, S.D.	59	2.051,43 .-
CLUB DEPORTIVO SALVAMENTO VILAGARCIA	75	2.607,75 .-
OS INGLESES RUGBY CLUB	110	3.824,70 .-
CLUB DE XADREZ FONTECARMOA	165	5.737,05 .-
CLUB BALONCESTO VILAGARCÍA	202	7.023,54 .-
CLUB DE REMO VILAXOÁN	131	4.554,87 .-
CLUB BALONCESTO EL DOCE	13	452,01 .-
ESCOLA DEPORTIVA DE AROUSA, S.D.	128	4.450,56 .-
ASOCIACION DEPORTIVA E CULTURAL ENCESTARÍAS	57	1.981,89 .-
MODALIDADE DE BALONMÁN	44	
MODALIDADE DE BALONCESTO	13	
CLUB CICLISTA XIABRE	5	173,85 .-
AGRUPACIÓN ATLÉTICA MAZÍ	127	4.415,79 .-
ESCUELA FÚTBOL SALA SALNES	55	1.912,35 .-
CLUB OLIMPIC VILAGARCÍA	174	6.049,98 .-
CLUB KENPO VILAGARCÍA	75	2.607,75 .-
CLUB DEPORNAUTIC AROUSA	40	1.390,80 .-
CLUB ATENAS RUNNING VDA	31	1.077,87 .-
VILAROUA GIMNASIA	23	799,71 .-
<b>TOTAL PUNTOS</b>	<b>2.358 PTOS</b>	<b>81.987,66 €</b>

3.- Non conceder subvención aos Clubes/Entidades Deportivas que a continuación se relacionan, conforme ao apartado 8 das devanditas bases que dí literalmente o seguinte: “8.- Tramitación.- “A Fundación de Deportes do Concello, revisará os expedientes de solicitude e

verificará que conteñen a documentación esixida. Se resulta que a documentación está incompleta ou defectuosa, requirirase ao solicitante para que no prazo improrrogable de **DEZ DÍAS hábiles** a partir da data da notificación, achegue a documentación necesaria ou corrixa os defectos observados, facéndolle saber que, no caso de incumprimento, a súa solicitude archivarase sen máis trámite”, posto que unha vez finalizado o prazo de subsanación, non presentaron ou presentaron parte/toda a documentación incorrecta que se lle requirira:

- . CLUB DEPORTIVO PÉREZ-SUB
- . CLUB ATLETICO VILAXOÁN
- . CLUB SAN MARTIN
- . CLUB ATLÉTICO AROUSANA
- . ASOCIACIÓN DEPORTIVA E CULTURAL RASPA
- . CLUB DEPORTIVO XIMNASIA RITMICA
- . CLUB DEPORTIVO VILAGARCÍA TENIS DE MESA

4.- Non aprobar a solicitude do Club/Entidade Deportiva: CLUB AROSA, S.C., dado que incumpre un dos requisitos para obter a condición de beneficiario de subvencións públicas, conforme as bases que regulan as subvencións de Fomento do Deporte Federado e a Lei de Subvencións.

5.- Conforme as devanditas bases, no seu apartado 10.- NOTIFICACIÓN E XUSTIFICACIÓN, que sinalamos literalmente a continuación, os Clubes/Entidades Deportivas anteriormente indicados no punto 2, deberán presentar a Conta Xustificativa con toda a documentación que se lle require:

#### **10.- NOTIFICACIÓN E XUSTIFICACIÓN:**

10.1.- Unha vez aprobada a subvención, será notificada telemáticamente aos/ás interesado/as, a traves da Sede Electrónica, que terá a súa disposición unha vez sexa comunicado ao correo electrónico facilitado polo solicitante.

10.2.- Efectuada a notificación abrírase un prazo de **30 días Naturais**, contados a partir do día seguinte da recepción da presente, para presentar a Conta Xustificativa, con toda a documentación necesaria a efectos de xustificación da subvención.

A Conta Xustificativa e anexos formalizaranse nos modelos normalizados que se facilitarán na Páxina Web <http://www.vilagarcia.es> (Taboleiro) ou Sede Electrónica, no enderezo



<https://sede.vilagarcia.gal>, sección da Fundación de Deportes (Modelos ou catálogo de procedementos da Fundación de Deportes).

**O importe dos gastos xustificandos deberá alcanzar, polo menos, o importe da subvención. No caso de que a entidade reciba subvencións doutras administracións públicas para o mesmo proxecto ou actividade subvencionada, deberá presentar unha certificación asinada polos responsables do club onde se faga constar a relación de facturas que foron presentadas nas citadas administracións a efectos de xustificación, que non deberán coincidir cos xustificandos de gastos presentados na Fundación de Deportes (anexo IV). O Club tamén poderá optar por aportar xustificandos de gastos polo importe total das subvencións públicas recibidas.**

A subvención concedida non poderá ser tal que sumadas todas as subvencións públicas, exceda do balance de gastos presentado.

10.3.- A documentación necesaria para xustificar a subvención, referida á tempada 2017/18 (dende o 1 de agosto de 2017 ao 31 de xullo do 2018) e, si a actividade deportiva se desenvolve no ano natural, corresponderá ao ano 2018, será a seguinte:

a) Facturas de gastos realizados nas actividades obxecto da subvención, conforme ao sinalado no apartado 6.3 e, nas que figurarán necesariamente os seguintes requisitos:

a:1 Nome, razón social e NIF ou CIF de quen emite a factura, correctamente fechada e numerada.

a:2 Nome e CIF do/a beneficiario/a da subvención.

a:3 Detalle e data dos servizos prestados, contía dos mesmos con expresión do IVE, se non estiveran exentos.

a:4 Xustificación do pago. As operacións con importes superiores a 2.500,00 € non poderán ser pagadas en efectivo, de acordo co previsto na Lei 7/2012 de 20 de outubro de 2012, polo que deberá acreditarse o seu pago mediante xustificante bancario co selo da Entidade bancaria. No resto dos casos o pago acreditarase por calquera dos seguintes medios: certificados do proveedor, factura simplificada ou de caixa, indicación na factura do pago asinado pola persoa responsable co seu nome e apelidos e/ou DNI ou, por transferencia bancaria co selo bancario.

b) Aceptaranse como xustificandos de gasto, certificacións oficiais federativas, da Mutualidade Deportiva, de Colexios de Árbitros ou Pólizas de Seguro de Responsabilidade Civil da Entidade. Así como recibos de colaboradores, adestradores ou axudantes que



deberán cumprir os seguintes requisitos: nº de recibo, lugar e data, datos do interesado e do club ou entidade deportiva (nome, domicilio, NIF ou CIF), descripción do concepto de gasto, precio total e IVE repercutido ou IVE incluído cando o importe total do recibo non exceda de 400,00 €.

c) Tamén serán subvencionables os gastos financeiros, incluídos os intereses, gastos notariais e rexistrais directamente relacionados coa actividade subvencionada e que sexan indispensables para a realización da mesma. Quedan excluídos as amortizacións de préstamos.

d) Declaración do Club/Entidade Deportiva asinada polo Secretario co Vº e Prace do Presidente na que se exprese, baixo a súa responsabilidade ter cumprido o obxecto da subvención (anexo V).

e) Declaración actualizada do Club/Entidade Deportiva asinada polo/a Secretario/a co Vº e Prace do/a Presidente/a, na que se fagan constar todas as contías das axudas solicitadas, asignadas ou recibidas por outras Administracións Públicas, ben directamente ou ben a través das Federacións deportivas, así como doutros axentes para a mesma finalidade (anexo VI).

A Conta Xustificativa con toda a documentación requerida, de acordo co establecido nos parágrafos anteriores, presentaranse a través da Sede Electrónica, no enderezo <https://sede.vilagarcia.gal>, sección da Fundación de Deportes, catálogo de Procedementos, CONVOCATORIAS DE SUBVENCIONES, no REXISTRO ELECTRÓNICO. A presentación telemática producirá plenos efectos xurídicos sempre que a xustificación sexa enviada dentro do prazo establecido.

Para presentar a xustificación de xeito telemático será imprescindible, cando menos, que o presidente, persoa que deba asinar documentos, ademais da persoa designada como representante para o envío da solicitude ao rexistro telemático, dispoñan de sinatura electrónica, así como deberá/n acreditar a súa representación por calquera medio admisible en dereito.

Nota informativa: No caso de que a sede electrónica non admita a documentación pode ser debido ao tamaño dos arquivos, neste caso dividan a documentación en varios PDFs e nomeen cada un deles en función da documentación que conteña, se aínda así persisten os problemas proben a realizar varios rexistros, ou poñase en contacto coa oficina da Fundación de Deportes e/ou Informática.



Concello de  
**Vilagarcía de Arousa**  
Fundación de Deportes

Praza Ravela, 1  
36600 · Vilagarcía de Arousa  
T 986 56 68 98  
CIF: P/8660001-B  
fdeportes@vilagarcia.es · www.vilagarcia.es

IMPORTANTE: Tendo en conta que a presentación telemática impide a presentación de orixinais ou copias compulsadas, a Fundación de Deportes, a través do persoal correspondente, poderá solicitar a presentación física das facturas orixinais e xustificantes de pago orixinais presentados, aos efectos do cotexo de datos.”

6.- Facultar ao Sr. presidente para a aprobación dos Recoñecementos da Obriga de todos aqueles Clubes/Entidades Deportivas que teñan correcta a súa documentación xustificativa.

E para que conste ca súa unión ó expediente, expido a presente, en Vilagarcía de Arousa, a dez de outubro de dous mil dezanove.